

V. PÉREZ PRIETO, *A Romaxe de crentes galegos*

(BOLETIN OFICIAL DEL OBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, *Agot-Sef.2001*)
nº 3557, p. 389

O libro sustancialmente recolle os textos das 20 romaxes organizadas por un grupo de persoas que se autodefinen como crentes-galegos. Conocíamos sustancialmente o contido e «ideoloxía» que alimenta os textos e obxectivos previamente trazados por quen idearon e levaron a cabo tales manifestacións relixiosas e folklóricas. O autor do libro amplía minuciosamente os datos tanto relativos os textos, como á súa execución, preparativos, deficiencias e éxitos. É a segunda parte do libro. Na primeira fai a súa interpretación de tales manifestacións, que desde o punto de mira antropolóxico, cultural, folklórico e sociolóxico supón valores.

Desde o punto de mira litúrxico o xuízo que cremos debe facerse de tal libro é o que fixemos fai anos xa, no *Boletín Oficial del Obispado de Orense* (1988) setembro, pp. 518-529 e que, máis tarde asumiu o Secretariado Nacional de Liturxia como resposta ó feito, que se daba en Galicia e que pode verse na revista Pastoral litúrgica 191-192 (1990) 34-47, órgano oficial do Secretariado Nacional. O autor do libro parece descoñecer-la publicación de tal resposta na citada revista. Por outra parte, o libro ofrecendo máis textos (moitos deles asombrosamente pobres, inadecuados ó estilo celebrativo, e non en moitos aspectos lamentables) e datos que naquel intre non se coñecían (por escrito), non supón nada que cambie o sustancial dos feitos e a ideoloxía que os impulsa. Ben é verdade que no estilo e xeito de presenta-los o autor parece haber asimilado aspectos da Liturxia da Igrexa, que antes non aceptaba. Digamos tamén que o seu estilo nas formas que non na tese de fondo ten aparencia de máis moderado e, nas palabras, quere amosarse máis «conciliador».

Sentimos profundamente que o fenómeno das «romaxe de crentes galegos», tal como se presenta nos seus textos, e sobre todo coa Eucaristía, é moi difícil poder encuadrar-lo no xenuíno concepto de Liturxia e moito menos da Gran Igrexa. Trátase como moito dun feito «relixioso» de natureza moi complexa e ambigua.

Ramiro González